



EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

ÁREA DE ECONOMÍA, RECADACIÓN E FACENDA. SERVIZO DE XESTIÓN, RECADACIÓN E INSPECCIÓN TRIBUTARIA

Anuncio

-EDICTO-

NOTIFICACIÓN COLECTIVA DE DÉBEDAS TRIBUTARIAS DE VENCEMENTO PERIODICO.

De conformidade co establecido no artigo 102.3 da Lei 58/2003, xeral tributaria, do 17 de decembro, notificase colectivamente a liquidación dos ingresos públicos e concellos que se citan:

| CONCELLO | PERIODO | TAXAS |
|-------------|-------------------|--|
| A PONTENOVA | 2º-trimestre-2022 | TAXA AUGA, LIXO, SUMIDOIROS E CANON AUGA XUNTA GALICIA |

Os Padróns poderán ser consultados polos interesados na Deputación Provincial de Lugo/ Servizo de Xestión, Recadación e Inspección Tributaria (Ronda Muralla, núm. 140- Pavillón 1- CP 27004- Lugo) e no Concello correspondente, durante o prazo de QUINCE DIAS contados a partir da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

As liquidacións obxecto de notificación colectiva teñen carácter provisional segundo o disposto no art. 101.4 da Lei Xeral Tributaria e, en contra destas, poderase interpoñer recurso de reposición perante o órgano competente do Concello, no prazo DUN MES, a contar dende o día seguinte da finalización do prazo de exposición. Poderase exercer, non obstante, calquera outro recurso que se considere procedente. Todo iso, en virtude do establecido no art. 14.2 do Texto refundido da Lei reguladora das Facendas locais.

Lugo, 4 de setembro de 2023.- O Presidente, P. D. Decreto, de data 04/07/2023, A Deputada Delegada de Economía, Recadación, Facenda e Especial de Contas, Mayra García Bermúdez.

ANUNCIO DE COBRANZA

Recadación en período voluntario de débedas tributarias de vencemento periódico.

De conformidade co establecido nos artigos 24 e 25 do Regulamento xeral de recadación, aprobado por Real decreto 939/2005, do 29 de xullo, comunícase que o prazo de ingreso en período voluntario de Taxas e Prezos Públicos, relacionados abaixo, empezará a contar o día 27/09/2023 e finalizará o día 27/11/2023, ambos os dous incluídos.

Relación de tributos e concellos:

| CONCELLO | PERIODO | TAXAS |
|-------------|-------------------|--|
| A PONTENOVA | 2º-trimestre-2022 | TAXA AUGA, LIXO, SUMIDOIROS E CANON AUGA XUNTA GALICIA |

O ingreso das débedas realizarase en calquera oficina da Entidade ABANCA, "La Caixa" - CaixaBank SA, Banco Bilbao Vizcaya Argentaria S. A. (BBVA) e Banco Sabadell S.A., en días laborables, de luns a venres, de 08:30 a 14:00 h, na que se presentará o documento de ingreso que se envía, por correo, aos domicilios dos contribuíntes. As persoas que non reciban ou extravíen o documento de ingreso, poderán solicitar un novona oficina da entidade bancaria e realizarán, igualmente, o pagamento. O ingreso poderá realizarse por calquera canle habilitada en horario ampliado (caixeiros automáticos, internet, banca electrónica).

Tamén pode realizarse o pago na Sede Electrónica da Deputación, Portal do Contribuínte, por delegación do seu Concello, que é o que envía o Padrón para o cobro. Ou mediante xiro postal dende calquera oficina de Correos (Sociedad Estatal Correos y Telégrafos).

O pagamento dos citados tributos poderase domiciliar, para anos sucesivos, en caixas de aforros, bancos e demais entidades financeiras. Para este trámite será necesario cubrir o impreso de domiciliación que acompaña

ao documento cobrador e remitilo ao Servizo de Xestión Tributaria e Recadación, ou ben entregalo en calquera das entidades citadas, cando a domiciliación se refira a unha conta abertanas mesmas.

Infórmasetamén que, transcurrido o prazo de ingreso en período voluntario, as débedas faranse efectivas pola vía de constrinximento e serán esixibles as recargas do período executivo e os xuros de mora correspondentes, tal como estipulan os artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, do dezasete de decembro, xeral tributaria e, se é o caso, as custas que se produzan.

A falta de pagamento do Canon da Auga e do Coeficiente de Vertedura, no período voluntario sinalado suporá a esixencia do mesmo directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia. A repercusión do canon da auga e do Coeficiente de Vertedura poderá ser obxecto de reclamación económico administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes dende esta notificación.

Lugo, 4 de setembro de 2023.- O Presidente, P. D. Decreto, de data 04/07/2023, A Deputada Delegada de Economía, Recadación, Facenda e Especial de Contas, Mayra García Bermúdez.

R. 2905

CONCELLOS

ABADÍN

Anuncio

Aprobación definitiva modificación base de execución nº 30 do Orzamento 2023

O Pleno do Concello de Abadín en sesión ordinaria celebrada o 28.07.2023 acordou a aprobación inicial do expediente de modificación da base de execución nº 30 do orzamento 2023 aprobado inicialmente en sesión ordinaria celebrada o 03.04.2023 e publicado definitivamente no BOP nº 109 de 13.05.2023.

Con data 07.08.2023 publicouse no BOP nº 180 anuncio da súa aprobación inicial. Transcorrido o prazo establecido, non se presentaron alegacións polo que queda automaticamente elevado a definitivo o acordo inicial do pleno.

Así, en cumprimento do artigo 169 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais, faise pública co seguinte detalle:

Modificar a Base de execución nº 30 do Orzamento 2023 e incluír os seguintes colectivos e importes que a continuación se detallan:

| CIF | Nome colectivo | Importe |
|------------|---|------------|
| G-13807037 | Asociación de Veciños San Pedro de Aldixe | 600,00 € |
| V-27144377 | Monte Veciñal en man común de Corda de Neda (Abeledo) | 500,00 € |
| G-27462696 | Asociación Cultural Reencuentro de Argán | 2.000,00 € |

Contra o presente acordo, en virtude do disposto no artigo 113 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e no artigo 171 do Real Decreto Legislativo 2/2004, poderase interpor directamente recurso contencioso-administrativo na forma e prazos establecidos nos artigos 25 e seguintes da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa.

Segundo o artigo 171.3 do Real Decreto Legislativo 2/2004, a interposición do devandito recurso non suspenderá por sí soa a efectividade do acto ou acordo impugnado.

Abadín, 20 de setembro de 2023.- O Alcalde-Presidente, José María López Rancaño.

R.2998

Anuncio

Aprobación definitiva expediente modificación de crédito 1/2023 na modalidade de Crédito Extraordinario

O Pleno do Concello de Abadín en sesión ordinaria celebrada o 28.07.2023 acordou a aprobación inicial do expediente de modificación de crédito 1/2023 do orzamento 2023, na modalidade de crédito extraordinario, por importe de 85.450,00 € financiado con cargo ao remanente de tesourería.

Con data 07.08.2023 publicouse no boletín oficial da provincia nº 180 anuncio da súa aprobación inicial. Transcorrido o prazo establecido, non se presentaron alegacións polo que queda automaticamente elevado a definitivo o acordo inicial do pleno.

Así, en cumprimento do artigo 169 por remisión do artigo 177.2 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais , faise pública co seguinte detalle:

ALTAS no Orzamento de GASTOS

| Aplicación orzamentaria | Concepto | Importe |
|-------------------------|--|------------------|
| 160-22200 | Servizo de comunicacións. EDAR e ETAP | 900,00 |
| 1621-214 | Reparacións, mantemento e conservación. Camión recollida residuos | 1.000,00 |
| 1621-22103 | Subministros. Carburante. Camión recollida residuos | 2.000,00 |
| 1621-224 | Primas de seguro. Camión recollida residuos | 350,00 |
| 312-22200 | Servizo de comunicacións. Centro de Día | 300,00 |
| 3321-22799 | Traballos realizados por empresas e profesionais. Limpeza | 900,00 |
| 337-22103 | Subministros. Carburante. ColexioMoncelos | 7.000,00 |
| 342-22100 | Subministros. Enerxía eléctrica. Pavillón deportes | 2.000,00 |
| 342-22799 | Traballos realizados por empresas e profesionais. Limpezapavillón | 1.000,00 |
| 342-609 | Inversións novas. Pavillón deportes Moncelos e cuberta pista padel | 70.000,00 |
| TOTAL | | 85.450,00 |

ALTAS no Orzamento de INGRESOS

| Aplicación Orzamentaria | Concepto | Importe |
|-------------------------|------------------------|-----------|
| 870 | Remanente de Tesorería | 85.450,00 |

Contra o presente acordo, en virtude do disposto no artigo 113 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e no artigo 171 do Real Decreto Legislativo 2/2004, poderase interpor directamente recurso contencioso-administrativo na forma e prazos establecidos nos artigos 25 e seguintes da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa.

Segundo o artigo 171.3 do Real Decreto Legislativo 2/2004, a interposición do devandito recurso non suspenderá por sí soa a efectividade do acto ou acordo impugnado.

Abadín, 20 de setembro de 2023.- O Alcalde-Presidente, José María López Rancaño.

R. 2999

Anuncio

Aprobación definitiva Ordenanza reguladora para a concesión de axudas por nacementoou adopción de menor

O Pleno do Concello de Abadín en sesión ordinaria celebrada o 28.07.2023 aprobou inicialmente a ordenanza reguladora para a concesión de axudas por nacementoou adopción de menor no Concello de Abadín.

Con data 10.08.2023 publicouse no Boletín Oficial da Provincia nº 183 anuncio da súa aprobación inicial e sométese a información pública por prazo de trinta días hábiles. Ao non presentarse reclamacións durante o prazo de exposición e información pública, queda automaticamente elevado a definitivo o acordo inicial adoptado.

Faise público o seu texto íntegro para o seu xeralcoñecemento e en cumprimento do disposto nos artigos 49 e 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e 56 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido de disposicións legais vixentes en materia de réxime local.

ORDENANZA REGULADORA PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS POR NACEMENTO OU ADOPCIÓN DE MENOR NO CONCELLO DE ABADÍN

Artigo 1. Fundamento legal.

Esta ordenanza ten o seu fundamento legal nos artigos 2 e 25.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Serán de aplicación as disposicións aplicables da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións, así como do seu Regulamento de desenvolvemento, aprobado por Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e demais normativa sectorial que resulte de aplicación.

Estas axudas están suxeitas á cualificación que a regulación do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas determine.

Artigo 2. Obxecto da axuda.

O obxecto da presente ordenanza é regular e fixar os criterios e o procedemento de solicitude, tramitación, concesión e cobro das axudas que outorgue o Concello de Abadín destinadas a proxenitores ou adoptantes de menores de cinco anos que cumpran os requisitos establecidos no artigo 4 no período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de cada ano e dentro das dispoñibilidades orzamentarias de cada exercicio.

As axudas non se concederán en réxime de concorrencia competitiva.

Artigo 3. Contía da axuda e forma de pago.

O importe das axudas concedidas será de 800,00 € por cada menor nado ou adoptado menor de cinco anos.

Esta contía abonarase da seguinte maneira:

- En efectivo e de maneira directa, unha axuda de 500,00 €.
- En especie, mediante unha axuda de 300,00 € en cheques de compra en establecementos do termo municipal de Abadín para gastos derivados de alimentación, coidado e aseo persoal, vestiario, etc directamente relacionado co recén nado/a ou adoptado/a.

En todo caso, o recoñecemento do dereito de cobro á subvención, terá a consideración de subvención única e só se poderá conceder unha axuda por recén nado/a ou adoptado/a.

O pago da contía en efectivo realizarase mediante transferencia bancaria aos proxenitores ou adoptantes.

A asignación en especie para gastos relacionados co recén nado/a ou adoptado/a realizarase directamente ao establecemento ou local libremente elixido polos proxenitores previa presentación da factura correspondente a nome do Concello de Abadín.

Ditas facturas deberán cumprir os requisitos legalmente establecidos e deberán conter con suficiente detalle e descripción dos artigos mercadas así como identificación dos proxenitores ou adoptantes.

O límite máximo a aboar con cargo a estas facturas será de 300,00 € por recén nado/a ou adoptado/a.

Artigo 4. Beneficiarios e requisitos dos beneficiarios.

Serán beneficiarios da presente axuda, os proxenitores que, cumprindo os requisitos previstos na presente ordenanza, tivesen un menor biolóxico ou adoptasen un menor de cinco anos durante o período subvencionable sinalado no artigo 2, sempre que non estean afectados por ningunha das prohibicións contidas no artigo 13 da Lei 38/2003.

Nos casos de proxenitores menores de idade non emancipados, os solicitantes/beneficiarios da axuda serán os titores deste.

As persoas estranxeiras empadroadas no Concello de Abadín poderán beneficiarse da axuda sempre que cumpran coas condicións da Lei Orgánica 4/2000, sobre os Dereitos e Liberdades dos Estranxeiros en España, e os requisitos establecidos nas presentes Bases.

Os proxenitores ou adoptantes deberán acreditar o empadramento e a convivencia efectiva durante alo menos UN (1) ano de maneira consecutiva á data de nacemento ou adopción.

Ademais, os menores deberán estar empadroados co proxenitor ou adoptante que solicita a axuda no momento de publicación da presente ordenanza.

En ningún caso poderán ser beneficiarios os proxenitores privados total ou parcialmente da patria potestade dos menores ou cuxa tutela fose asumida por unha institución pública.

Os proxenitores ou adoptantes deberán estar ao corrente das súas obriga fiscais e tributarias coa facenda pública estatal, autonómica, local e coa Seguridade Social.

Artigo 5. Forma e prazo de presentación das solicitudes.

As solicitudes dirixiranse ao Alcalde do Concello de Abadín e presentaranse en:

- Rexistro Xeral do Concello. Avenida de Galicia, 2, Abadín.
- Sede electrónica do Concello: <https://abadin.sedelectronica.gal/>

Así mesmo, poderán presentarse as solicitudes en calquera dos lugares establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, na forma prevista.

O prazo de presentación de solicitudes, xunto coa documentación requirida na presente convocatoria, será de TRINTA (30) días naturais desde a data de nacemento ou adopción.

As solicitudes, que deberá presentarse conforme ao modelo establecido no ANEXO I das presentes Bases, deberán ir acompañadas da seguinte documentación:

- Copia do DNI, NIE ou pasaporte dos proxenitores ou adotantes. No seu caso, certificado de Rexistro de Cidadán da Unión Europea dos proxenitores.
- Libro de Familia ou documento oficial acreditativo do nacemento ou adopción. Nos casos de proxenitores menores de idade non emancipados, deberán achegar, ademais, o seu libro de familia.
- Certificado de Empadramento Familiar en caso de non autorizar a súa consulta.
- Certificado que acredite a titularidade da conta bancaria.
- Declaración responsable, segundo modelo contido no ANEXO II destas Bases de:
 - Non atoparse incurso en ningún dos supostos de prohibición para obter a condición de beneficiario de subvencións, establecidos no artigo 13.2 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeneral de subvencións.
 - Atoparse ao corrente no cumprimento das obrigacións tributarias coa facenda estatal, autonómica e local e coa Seguridade Social.
 - Que todos os datos que constan na solicitude e nos documentos que se achegan son certos.
 - Que se cumpren e acéptanse todos os requisitos que esixe a convocatoria para solicitar e outorgar axudas.
 - Que, no caso de que se reciba a subvención que se solicita, acéptaa.
 - Que se acepta e cúmprese coa normativa vixente que regula as subvencións que outorga este Concello.
 - Que acepta aportar a documentación requerida na ordenanza reguladora e xustificar documentalmente no caso de concesión da axuda.
 - Que autoriza ao Concello de Abadín a solicitar calquera información a ficheiros públicos (Administración Tributaria, Tesourería Xeral da Seguridade Social ou en calquera outro organismo que tivese atribuída a competencia para verificar os datos contidos nesta solicitude).
 - Que está informado/a do contido do apartado de comunicación que consta nesta solicitude.
 - O Concello de Abadín poderá solicitar outra documentación que se considere necesaria ao obxecto de resolver a solicitude da axuda.

Se a documentación que acompaña está incompleta ou é defectuosa requirirase para que, no prazo de DEZ (10) días hábiles, a contar desde o seguinte á notificación do requirimento, acompañe os documentos esixidos ou emende os defectos observados, coa advertencia de que, se así non o fixese, teráselle por desistido da súa solicitude.

Artigo 6. Procedemento de concesión.

Unha vez presentada a solicitude, o órgano instructor realizará de oficio todas as actuacións que estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales se ten que formular a proposta de resolución.

O órgano instructor formulará a proposta de resolución provisional, debidamente motivada, que se notificará ao interesado na forma que establece a convocatoria, e concederá un prazo de dez días para presentar alegacións. Poderase prescindir do trámite de audiencia cando non consten no procedemento nin sexan tidos en conta outros feitos nin outras alegacións e probas que as aducidas polos interesados. Neste caso, a proposta de resolución formulada terá o carácter de definitiva.

Examinadas as alegacións aducidas polos interesados, formularase a proposta de resolución definitiva.

A proposta de resolución definitiva, cando resulte procedente de acordo con a ordenanza, notificarase aos interesados.

O órgano competente deberá resolver o procedemento de concesión no prazo de tres meses desde a data de elevación da proposta de resolución.

A resolución que poña fin ó procedemento resolverá sobre a concesión, denegación ou calquera outra forma de terminación do procedemento. En todo caso esta resolución será obxecto de notificación ós interesados.

Contra a devandita resolución poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que ditase o acto no prazo dun mes a contar desde o seguinte á súa publicación, sen prexuízo de interpoñer directamente o recurso contencioso-administrativo perante o xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses a contar desde o seguinte ao da notificación da Resolución.

Artigo 7. Órgano competente para a ordenación, instrución e resolución do procedemento.

A ordenación e instrución do procedemento corresponderá á Secretaría-Intervención.

A resolución do procedemento corresponderá á Alcaldía mediante Decreto.

Artigo 8. Prazo e forma de xustificación dos fondos recibidos.

A xustificación da parte de adxudicación directa (500,00 € en efectivo) da subvención quedará acreditada achegando a totalidade da documentación especificada no artigo 5 e ao cumprimento do previsto na presente ordenanza, previo á resolución de concesión e pago.

A parte correspondente á asignación en especie acreditarase mediante a presentación no Rexistro Xeral do Concello das facturas correspondentes por parte dos establecementos e locais do termo municipal de Abadín ata o importe máximo de 300,00 € por menor.

A presentación de facturas deberá realizarse no prazo máximo de DOUS (2) meses desde o día en que se realizara o gasto e en todo caso, antes do 15 de decembro de 2023.

Artigo 9. Control.

O Concello poderá realizar as comprobacións necesarias respecto das axudas concedidas.

Artigo 10. Modificación, revogación, renuncia e nulidade.

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión poderá dar lugar á modificación da axuda outorgada.

A obtención fraudulenta da axuda será causa de revogación da mesma, estando obrigados a reintegrar a cantidade percibida, así como os intereses de demora correspondentes, sen prexuízo das accións legais que corresponda exercitar.

O beneficiario pode renunciar á axuda ou subvención e queda liberado do cumprimento das cargas e condicións que se lle impuxeron. No caso de que a renuncia prodúzase unha vez efectuado o cobro, o beneficiario terá que proceder ao reintegro da cantidade percibida.

Artigo 11. Compatibilidade das axudas.

A concesión destas axudas serán compatibles con calquera outra que teñan por obxecto a mesma finalidade, sexa cal sexa a administración ou entidade que as conceda.

Artigo 12. Protección de datos de carácter persoal.

De acordo con o establecido na Lei Orgánica de Protección de Datos de Carácter Persoal e no Regulamento 2016/679 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos, ponse de manifesto que a información facilitada polos peticionarios destas axudas será tratada nun ficheiro debidamente protexido para a xestión deste programa.

Os interesados poderán solicitar á administración municipal o exercicio dos seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición.

Coa presentación da solicitude e o resto da documentación requirida para participar neste programa, o interesado autoriza ao Concello de Abadín a facilitar os datos achegados a calquera outra administración ou organismo sempre que así o requira expresamente para o cumprimento das súas obrigacións específicas e garanta, igualmente, a confidencialidade da información.

Artigo 13. Publicidade.

As subvencións concedidas será obxecto de notificación ós interesados e faranse públicas no taboleiro de anuncios e na Sede Electrónica do Concello de Abadín e extracto da convocatoria na Base de Datos Nacional de Subvencións con posterior publicación no Boletín Oficial da Provincia.

Dispositiva Transitoria.

A presente ordenanza será de aplicación a aqueles nacementos ou adopcións desde o 1 de xaneiro de 2023 ata a entrada en vigor da presente ordenanza sempre e cando se soliciten no prazo de DOUS (2) meses desde a súa entrada en vigor.

Disposición Final.

A presente Ordenanza foi aprobada inicialmente polo Pleno do Concello de Abadín en sesión ordinaria celebrada o 28 de xullo de 2023 e entrará en vigor una vez publicado o texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

Contra o presente acordopoderáinterperse recurso contencioso-administrativo ante a Sala Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de DOUS (2) meses a partir do día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, sen perxuízo de que poidainterposecalqueroutro recurso que se considere oportuno.

ANEXO I

SOLICITUDE DE AXUDA POR NACEMENTO OU ADOPCIÓN DE MENOR

DATOS DO/A SOLICITANTE

| | | | |
|--------------------------------------|------------------|-----------------|--------------------|
| Nome | Primeiro apelido | Segundo apelido | D.N.I./Pasaporte |
| | | | |
| Data de nacemento | Sexo | Nacionalidade | Estado Civil |
| | | | |
| Domicilio a efectos de comunicacións | | Municipio | Código Postal |
| | | | |
| Provincia | Teléfono Fixo | Teléfono Móbil | Correo electrónico |
| | | | |

AUTORIZO ao concello de Abadín ao tratamento dos meus **datos persoais** obtidos mediante a cumprimentación deste formulario e demais documentos que, no seu caso, achéguese co mesmo, de conformidade co establecido no **Regulamento (UE) 2016/679** de protección de datos e na **Lei Orgánica 3/2018**, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.
No caso de non aceptar o tratamento dos seus datos nos termos previstos, informámoslle que non será posible a prestación do servizo para o que se solicitan ditos datos.

DATOS DO/A REPRESENTANTE

| | | | |
|--------------------------------------|------------------|-----------------|--------------------|
| Nome | Primeiro apelido | Segundo apelido | D.N.I./Pasaporte |
| | | | |
| Domicilio a efectos de comunicacións | | Municipio | Código Postal |
| | | | |
| Provincia | Teléfono Fixo | Teléfono Móbil | Correo electrónico |
| | | | |

AUTORIZO ao concello de Abadín ao tratamento dos meus **datos persoais** obtidos mediante a cumprimentación deste formulario e demais documentos que, no seu caso, achéguese co mesmo, de conformidade co establecido no **Regulamento (UE) 2016/679** de protección de datos e na **Lei Orgánica 3/2018**, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.
No caso de non aceptar o tratamento dos seus datos nos termos previstos, informámoslle que non será posible a prestación do servizo para o que se solicitan ditos datos.

DATOS DE OUTROS MEMBROS DO NÚCLEO DE CONVIVENCIA

| Nome e apelidos | D.N.I./Pasaporte | Data Nacemento | Relación solicitante | co | *Trat. Datos |
|-----------------|------------------|----------------|----------------------|----|--------------------------|
| | | | | | <input type="checkbox"/> |
| | | | | | <input type="checkbox"/> |
| | | | | | <input type="checkbox"/> |
| | | | | | <input type="checkbox"/> |
| | | | | | <input type="checkbox"/> |
| | | | | | <input type="checkbox"/> |

* **AUTORIZO** ao concello de Abadín ao tratamento dos meus **datos persoais** obtidos mediante a cumprimentación deste formulario e demais documentos que, no seu caso, achéguese co mesmo, de conformidade co establecido no **Regulamento (UE) 2016/679** de protección de datos e na **Lei Orgánica 3/2018**, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

No caso de non aceptar o tratamento dos seus datos nos termos previstos, informámoslle que non será posible a prestación do servizo para o que se solicitan ditos datos.

DOCUMENTACIÓN ORIXINAL QUE SE ACHEGA OU COPIA COMPULSADA/COTEXADA

| |
|---|
| <input type="checkbox"/> Fotocopia do DNI, NIE ou pasaportes dos proxenitores ou adoptantes. No seu caso, certificado de Rexistro de Cidadán da Unión Europea dos proxenitores. <input type="checkbox"/> Libro de Familia ou documento oficial acreditativo do nacemento ou adopción. Nos casos de proxenitores menores de idade non emancipados, deberán achegar, ademais, o seu libro de familia. <input type="checkbox"/> Certificado de Empadramento Familiar en caso de non autorizar a súa consulta. <input type="checkbox"/> Certificado que acredite a titularidade da conta bancaria. <input type="checkbox"/> Anexo II - Declaración responsable <input type="checkbox"/> Outra documentación (especificar): |
|---|

A persoa abaixo asinante **DECLARA**, baixo a súa responsabilidade, que son certos cantos datos figuran na presente solicitude, así como na documentación adxunta e queda decatado da obrigaón de comunicar ao Excmo. Concello de Abadín calquera variación que puidera producirse.

En Abadín, a _____ de _____ de 20__

Asinado:

Sr. Alcalde-Presidente do Concello de Abadín

ANEXO II
DECLARACIÓN RESPONSABLE

DATOS DO/A SOLICITANTE

| | | | |
|--------------------------------------|------------------|-----------------|--------------------|
| Nome | Primeiro apelido | Segundo apelido | D.N.I./Pasaporte |
| | | | |
| Domicilio a efectos de notificacións | | Municipio | Código Postal |
| | | | |
| Provincia | Teléfono Fixo | Teléfono Móbil | Correo electrónico |
| | | | |

DATOS DO/A REPRESENTANTE

| | | | |
|--------------------------------------|------------------|-----------------|--------------------|
| Nome | Primeiro apelido | Segundo apelido | D.N.I./Pasaporte |
| | | | |
| Domicilio a efectos de notificacións | | Municipio | Código Postal |
| | | | |
| Provincia | Teléfono Fixo | Teléfono Móbil | Correo electrónico |
| | | | |

DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:

Que cumpre con todos os requisitos previos esixidos na **Ordenanza reguladora para a concesión de axudas por nacemento ou adopción de menor no Concello de Abadín**, en concreto:

- Que non se atopa incurso en ningún dos supostos de prohibición para obter a condición de beneficiario de subvencións, establecidos no artigo 13.2 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeneral de subvencións.
- Que se atopa ao corrente no cumprimento das obrigacións tributarias co facenda estatal, autonómica e local e coa Seguridade Social.
- Que todos os datos que constan na solicitude e nos documentos que se achegan son certos.
- Que se cumpren e acéptanse todos os requisitos que esixe a convocatoria para solicitar e outorgar axudas.
- Que, no caso de que se reciba a subvención que se solicita, acéptaa.
- Que se acepta e cúmprese a normativa xeral vixente que regula as subvencións que outorga este Concello.
- Que acepta aportar a documentación requerida na ordenanza reguladora xustificar documentalmente no caso de concesión da axuda.
- Que autoriza ao Concello de Abadín a solicitar calquera información a ficheiros públicos (Administración Tributaria, Tesourería Xeral da Seguridade Social ou en calquera outro organismo que tivese atribuída a competencia para verificar os datos contidos nesta solicitude).
- Que está informado/a do contido do apartado de comunicación que consta nesta solicitude.

E para que conste, asino a presente declaración.

En, a de de 20__.

Asdo.:

Abadín, 22 de setembro de 2023.- O Alcalde, José María López Rancaño.

R. 3009

BURELA

Anuncio

EXPEDIENTES 1544/2023 E 1545/2023. ANUNCIO EXPOSICIÓN O PÚBLICO E COBRANZA S.A.F. XULLO 2023.

A Xunta de Goberno Local do Concello de Burela en sesión celebrada o día 22 de agosto de 2023 acorda a aprobación inicial do Padrón fiscal do Servizo de Axuda no Fogar correspondente ao mes de xullo de 2023 a través da Lei de Dependencia e Programa Básico de Axuda no Fogar por importe de 9.611,20 €, correspondendo 1.146,00 € a libre concorrència e 8.465,20 € a dependencia. Consonte ao disposto no artigo 102.3 da Lei xeral tributaria, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pagamento do prezo público, que dispoñen dun prazo de 15 días, contados a partir da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, ao obxecto de que poidan ser examinados e presentar as reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 14 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, os interesados poderán interpoñer recurso de reposición ante o alcalde - presidente, no prazo dun mes, contado dende a finalización do período de exposición pública deste padrón fiscal no Boletín Oficial da Provincia.

Contra a resolución do recurso de reposición, expresa ou tácita, os interesados poderán interpoñer recurso contencioso- administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, nos prazos sinalados no artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa. Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

Para o cobramento dos mesmos, os contribuíntes teñen domiciliados os recibos, estes seranlles adebedados nas contas bancarias respectivas. Fíxase como período voluntario de cobramento o prazo de dous meses dende o día seguinte a publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

A presente publicación, nos dous supostos, de anuncio de exposición ao público dos padróns e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao abeiro do establecido no artigo 102 da referida Lei xeral tributaria.

Burela, 22 de setembro de 2023.- A Alcaldesa, María del Carmen López Moreno.

R. 3010

GUNTÍN

Anuncio

EXPOSICIÓN PÚBLICA DE MODIFICACIÓN DE ACORDO RELATIVO AOS GASTOS DE LOCOMOCIÓN. EXPEDIENTE G 222/2023.

Polo Pleno do Concello en sesión celebrada en data 15 de setembro de 2023 acordouse: Modificar o acordo adoptado polo pleno de data 4 de xullo de 2023 no que se refire aos gastos de locomoción, nos termos seguintes:

Gastos de locomoción : 0,26 €/km.

Guntín, 22 de setembro de 2023.- A Alcaldesa, María José Gómez Rodríguez.

R. 3011

LUGO

Anuncio

Formada polo Órgano de Xestión Económico-Financeira e informada pola Intervención Xeral a Conta Xeral do exercicio 2022, e ditaminada favorablemente pola Comisión Especial de Contas na sesión de data 22 de setembro de 2023, de acordocodisposto no art. 212.3 do Real Decreto-Legislativo 2/2004, de 05 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, exponeo público por prazo de quince días, podendo ser examinado o expediente, en horas de oficina, na Tesourería Municipal. Durante dito prazo os interesados poderán presentar reclamacións, reparos ou observacións. Examinados estes, de ser o caso, pola Comisión Especial de Contas e practicadas por ésta cantas comprobacións estime necesarias, emitirá novo

informe. Acompañada dos informes da Comisión Especial de Contas e, de ser o caso, das reclamacións, reparos e observacións formulados, o expediente da Conta Xeralelevaraseó Pleno da Corporación para a súa aprobación, se procede, e sen prexuízo do seusometemento posterior á fiscalización externa do Tribunal de Contas.

Lugo, 22 de setembro de 2023.- O CONCELEIRO DELEGADO DE ECONOMÍA E RECURSOS HUMANOS DA ÁREA DE SOSTIBILIDADE URBANA E RECURSOS INTERNOS, Ángel Pablo Permuy Villanueva.

R. 3012

OUTEIRO DE REI

Anuncio

Confeccionado o Padrón de contribuíntes do Imposto Municipal sobre Vehículos de Tracción Mecánica, correspondente o ano 2023, expónse ó público durante o prazo de vinte días, contados a partir do seguinte á publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, a efectos de examen e reclamacións.

Outeiro de Rei, 21 de setembro de 2023.- O Alcalde, José Pardo Lombao.

R. 3013

RÁBADE

Anuncio

En cumprimento do disposto no artigo 169 do R.D. Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, texto refundido da Lei de Facendas Locais, expónse ó público que o Pleno do Concello, en sesión de 20/09/2023 aprobou inicialmente a modificación do cadro de persoal e da relación de postos de traballo esta corporación para o exercicio 2023. Por prazo de 20 días os interesados poderán presentar reclamacións ante o Pleno; se durante dito prazo non se presentara ningunha, considerarase dito acordo definitivamente aprobado.

Rábade, 21 de setembro de 2023.- A Alcaldesa, Remedios González Cabarcos.

R. 3000

Anuncio

O Pleno do concello, na sesión ordinaria celebrada o 20 de setembro de 2023, adoptou o acordo que se transcribe a continuación, na súa parte dispositiva, que se publican no BOP en cumprimento dos artigos 114 a 116 do ROF, e 9 da Lei 40/2015:

3.- DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS DO PLENO A FAVOR DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA.

A requirimento da Alcaldía, polo Secretario-interventor dáse lectura á proposta relativa ao presente punto da orde do día:

Coa finalidade de axilizar o funcionamento ordinario da Administración Municipal, propónse delegar na Alcaldía-presidencia a totalidade das atribucións delegables por parte do Pleno, é dicir, agás as enumeradas no artigo 22.4 da lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, na súa vixente redacción e todas as demais competencias que de xeito expreso lle atribúan as leis, que non sexan declaradas indelegables, e os acordos que no exercicio destas deban ditarse sempre que non esixan os quórumos que se establecen nos parágrafo 2º do artigo 47 da Lei 7/1985, do 2 de abril, e nomeadamente:

- a) O exercicio de accións xudiciais e administrativas e a defensa da Corporación en materias de competencia plenaria.
- b) A declaración de lesividade dos actos do Concello, tanto en materias de competencia plenaria como do alcalde.
- c) A concertación das operacións de crédito cuxa contía acumulada, dentro de cada exercicio económico, exceda do 10 por cento dos recursos ordinarios do Presupuestada -agás as de tesourería, que lle corresponderán cando o importe acumulado das operacións vivas en cada momento supere o 15 por cento dos ingresos correntes liquidados no exercicio anterior de conformidade co disposto na Lei Reguladora das Facendas Locais.
- d) A aprobación dos proxectos de obras e servizos cando sexa competente para a súa contratación ou concesión, e aínda que non estean previstos nos presupostos.
- e) A disposición de gastos en materia da súa competencia (art. 166.3 do TRLRFL).
- f) As competencias que como órgano de contratación lle correspondan consonte o previsto na DA segunda da Lei de contratos do sector público.

g) A adquisición de bens e dereitos cando o seu valor supere o 10% dos recursos ordinarios do Presuposto ou as contías establecidas pola lexislación sectorial de aplicación, así como os alleamentos patrimoniais cando o seu valor supere as mesmas porcentaxes e contías indicados para as adquisicións de bens.

h) A autorización ou denegación de compatibilidade do persoal ó servizo da entidade local para un segundo posto ou actividade no sector público, así como a resolución motivada recoñecendo a compatibilidade ou declarando a incompatibilidade do citado persoal para o exercicio de actividades da entidade local, a que se refiren os artigos 9 e 14 da Lei 53/1984, de 26 de decembro, de Incompatibilidades do persoal ó servizo das Administracións Públicas.

i) A formulación de peticións de subvención cando a lexislación específica requira acordo plenario.

A delegación de competencia refírense, en tódalas materias delegadas, tanto a competencia para ditar actos de trámite como actos resolutorios sobre o fondo do asunto e que afecten a terceiros. Nestes supostos os acordos adoptados pola Alcaldía poñerán fin á vía administrativa.

O exercicio das competencias delegadas farase de conformidade con canto se estableza na lexislación de aplicación e co réxime xeral previsto no Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

.../...

Rematado o debate, o Pleno da corporación municipal en votación ordinaria e cos votos a favor da Sr. Alcaldesa e concelleiros Sra. Dapena González, Sr. Novo Teijeiro, Sra. Novo Penas e Sr. González Cabarcos, e a abstención dos concelleiros Sr. Fernández Montes, Sr. Lage García, Sra. de Arriba Redondo e Sr. Martínez Campos, ACORDA:

Delegar na Alcaldía-presidencia a totalidade das atribucións delegables por parte do Pleno, é dicir, agás as enumeradas no artigo 22.4 da lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, na súa vixente redacción e todas as demais competencias que de xeito expreso lle atribúan as leis, que non sexan declaradas indelegables, e os acordos que no exercicio destas deban ditarse sempre que non esixan os quórumos que se establecen nos parágrafo 2º do artigo 47 da Lei 7/1985, do 2 de abril, e nomeadamente:

a) O exercicio de accións xudiciais e administrativas e a defensa da Corporación en materias de competencia plenaria.

b) A declaración de lesividade dos actos do Concello, tanto en materias de competencia plenaria como do alcalde.

c) A concertación das operacións de crédito cuxa contía acumulada, dentro de cada exercicio económico, exceda do 10 por cento dos recursos ordinarios do Presupuestada -agás as de tesourería, que lle corresponderán cando o importe acumulado das operacións vivas en cada momento supere o 15 por cento dos ingresos correntes liquidados no exercicio anterior de conformidade co disposto na Lei Reguladora das Facendas Locais.

d) A aprobación dos proxectos de obras e servizos cando sexa competente para a súa contratación ou concesión, e aínda que non estean previstos nos presupostos.

e) A disposición de gastos en materia da súa competencia (art. 166.3 do TRLRFL).

f) As competencias que como órgano de contratación lle correspondan consonte o previsto na DA segunda da Lei de contratos do sector público.

g) A adquisición de bens e dereitos cando o seu valor supere o 10% dos recursos ordinarios do Presuposto ou as contías establecidas pola lexislación sectorial de aplicación, así como os alleamentos patrimoniais cando o seu valor supere as mesmas porcentaxes e contías indicados para as adquisicións de bens.

h) A autorización ou denegación de compatibilidade do persoal ó servizo da entidade local para un segundo posto ou actividade no sector público, así como a resolución motivada recoñecendo a compatibilidade ou declarando a incompatibilidade do citado persoal para o exercicio de actividades da entidade local, a que se refiren os artigos 9 e 14 da Lei 53/1984, de 26 de decembro, de Incompatibilidades do persoal ó servizo das Administracións Públicas.

i) A formulación de peticións de subvención cando a lexislación específica requira acordo plenario.

A delegación de competencia refírense, en tódalas materias delegadas, tanto a competencia para ditar actos de trámite como actos resolutorios sobre o fondo do asunto e que afecten a terceiros. Nestes supostos os acordos adoptados pola Alcaldía poñerán fin á vía administrativa.

O exercicio das competencias delegadas farase de conformidade con canto se estableza na lexislación de aplicación e co réxime xeral previsto no Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

Rábade, 21 de setembro de 2023.- A Alcaldesa, Remedios González Cabarcos.

MINISTERIO PARA A TRANSICIÓN ECOLÓXICA E O RETO DEMOGRÁFICO
CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO MIÑO -SIL O.A. COMISARÍA DE AUGAS

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

Expediente: **A/27/37592**

Asunto: Solicitud de concesión de aprovechamiento de aguas

Peticionario: José Manuel Esteban Alonso

Nombre de la captación: Pozo

Caudal solicitado: 1,71 l/s

Punto de emplazamiento: Veascós (Santa Mariña)

Término Municipal y Provincia: Carballedo (Lugo)

Destino: Riego

BREVE DESCRIPCIÓN DE LAS OBRAS Y FINALIDAD:

La captación se realiza en un pozo de 98 m de profundidad, desde el que mediante una bomba se impulsa el agua a un depósito desde donde se distribuye a la zona a regar.

Lo que se hace público para general conocimiento por un plazo de TREINTA DÍAS, contados a partir del siguiente a la fecha de publicación del presente anuncio en Boletín Oficial de la Provincia de Lugo, a fin de que los que se consideren perjudicados con lo solicitado, puedan presentar sus reclamaciones, durante el plazo indicado, dirigidas a la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A., ante este Organismo, Ayuntamiento de Carballedo, o a través de cualquiera de los medios o registros previstos en la Ley 39/2015, de 1 de octubre, del Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas.

Se hace constar que el expediente estará de manifiesto para su consulta en las oficinas de la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A. (Comisaría de Aguas, Ronda de la Muralla, 131 - 2º Planta - 27001 - LUGO).

Podrá obtener información sobre el estado de tramitación del procedimiento a través de los medios electrónicos, telefónicos y presenciales, en las direcciones o contactos indicados en el oficio, que se encuentren habilitados en cada momento. En el supuesto de que se optase por el acceso presencial, se recomienda solicitar cita previa para acudir a nuestras oficinas con objeto de poder garantizar su atención.

Lugo, 19 de septiembre de 2023.- EL JEFE DE SERVICIO, José Miguel Veigas Méndez.

R. 2992

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

Expediente: **A/27/30086**

Asunto: Solicitud de concesión de aprovechamiento de aguas

Peticionario: Ayuntamiento de Baleira

Nombre de la captación: Manantial

Caudal solicitado: 0,272 l/s

Punto de emplazamiento: Trala Zarra, parroquia de Pousada (San Lourenzo)

Término Municipal y Provincia: Baleira (Lugo)

Destino: Abastecimiento y usos ganaderos

BREVE DESCRIPCIÓN DE LAS OBRAS Y FINALIDAD:

Se realiza la captación en una arqueta desde la que se conducen las aguas a través una tubería, a un depósito de 100 m³ desde el que se distribuirán las aguas a las viviendas y explotaciones del lugar de Pousada.

Lo que se hace público para general conocimiento por un plazo de TREINTA DÍAS, contados a partir del siguiente a la fecha de publicación del presente anuncio en Boletín Oficial de la Provincia de Lugo, a fin de que los que se consideren perjudicados con lo solicitado, puedan presentar sus reclamaciones, durante el plazo indicado, dirigidas a la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A., ante este Organismo, Ayuntamiento de

Baleira, o a través de cualquiera de los medios o registros previstos en la Ley 39/2015, de 1 de octubre, del Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas.

Se hace constar que el expediente estará de manifiesto para su consulta en las oficinas de la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A. (Comisaría de Aguas, Ronda de la Muralla, 131 - 2º Planta - 27001 - LUGO).

Podrá obtener información sobre el estado de tramitación del procedimiento a través de los medios electrónicos, telefónicos y presenciales, en las direcciones o contactos indicados en el oficio, que se encuentren habilitados en cada momento. En el supuesto de que se optase por el acceso presencial, se recomienda solicitar cita previa para acudir a nuestras oficinas con objeto de poder garantizar su atención.

Lugo, 19 de septiembre de 2023.- EL JEFE DE SERVICIO, José Miguel Veigas Méndez.

R. 2993

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

Expediente: **A/27/38468**

Asunto: Solicitud de concesión de aprovechamiento de aguas

Peticionario: Avícola Pociña, S.C.

Nombre de la captación: Manantial

Caudal solicitado: 0,115 l/s

Punto de emplazamiento: Gomeán (Santiago)

Término Municipal y Provincia: O Corgo (Lugo)

Destino: Usos ganaderos

BREVE DESCRIPCIÓN DE LAS OBRAS Y FINALIDAD:

La captación se realiza en un manantial en el que se coloca unos aros de hormigón de 2 m de profundidad. De aquí sale una tubería por la que circulan las aguas hasta un depósito, de éste van a otro depósito desde el que se distribuyen a la explotación a abastecer.

Lo que se hace público para general conocimiento por un plazo de TREINTA DÍAS, contados a partir del siguiente a la fecha de publicación del presente anuncio en Boletín Oficial de la Provincia de Lugo, a fin de que los que se consideren perjudicados con lo solicitado, puedan presentar sus reclamaciones, durante el plazo indicado, dirigidas a la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A., ante este Organismo, Ayuntamiento de O Corgo, o a través de cualquiera de los medios o registros previstos en la Ley 39/2015, de 1 de octubre, del Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas.

Se hace constar que el expediente estará de manifiesto para su consulta en las oficinas de la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A. (Comisaría de Aguas, Ronda de la Muralla, 131 - 2º Planta - 27001 - LUGO).

Podrá obtener información sobre el estado de tramitación del procedimiento a través de los medios electrónicos, telefónicos y presenciales, en las direcciones o contactos indicados en el oficio, que se encuentren habilitados en cada momento. En el supuesto de que se optase por el acceso presencial, se recomienda solicitar cita previa para acudir a nuestras oficinas con objeto de poder garantizar su atención.

Lugo, 19 de septiembre de 2023.- EL JEFE DE SERVICIO, José Miguel Veigas Méndez.

R. 2994

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

Expediente: **A/27/28440**

Asunto: Solicitud de concesión de aprovechamiento de aguas

Peticionario: CMVMC Granda de Orizón, Vedro do Marco e Granda de Canaval

Nombre del río o corriente: rego de Amorín

Caudal solicitado: 110 m³

Punto de emplazamiento: Orizón (Santa Comba)

Término Municipal y Provincia: Castro de Rei (Lugo)

Destino: Extinción de incendios

BREVE DESCRIPCION DE LAS OBRAS Y FINALIDAD:

La captación se realiza en el rego de Amorín mediante una escollera con huecos, que conectara con una arqueta desde la que parte la conducción al depósito de extinción de incendios.

Lo que se hace público para general conocimiento por un plazo de TREINTA DÍAS, contados a partir del siguiente a la fecha de publicación del presente anuncio en Boletín Oficial de la Provincia de Lugo, a fin de que los que se consideren perjudicados con lo solicitado, puedan presentar sus reclamaciones, durante el plazo indicado, dirigidas a la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A., ante este Organismo, Ayuntamiento de Castro de Rei, o a través de cualquiera de los medios o registros previstos en la Ley 39/2015, de 1 de octubre, del Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas.

Se hace constar que el expediente estará de manifiesto para su consulta en las oficinas de la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A. (Comisaría de Aguas, Ronda de la Muralla, 131 - 2º Planta - 27001 - LUGO).

Podrá obtener información sobre el estado de tramitación del procedimiento a través de los medios electrónicos, telefónicos y presenciales, en las direcciones o contactos indicados en el oficio, que se encuentren habilitados en cada momento. En el supuesto de que se optase por el acceso presencial, se recomienda solicitar cita previa para acudir a nuestras oficinas con objeto de poder garantizar su atención.

Lugo, 19 de septiembre de 2023.- EL JEFE DE SERVICIO, José Miguel Veigas Méndez.

R. 2995